

## ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE SAN ROQUE 2025

O xerente de Turismo de Galicia

### DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Vilagarcía de Arousa e Abanca Corporación Bancaria S.A o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que esta addenda ten por obxecto modificar a cláusula segunda do convenio e o ANEXO I.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** O día 16 de xullo de 2025 asinouse un convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, o concello de Vilagarcía de Arousa e ABANCA Corporación Bancaria, S.A., cuxo obxecto é establecer o marco de colaboración para o apoio á celebración das Festas de San Roque 2025.

**Segundo.-** Na cláusula terceira dispónse que se considerarán subvencionables os gastos que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2025.

Así mesmo, na cláusula sétima establécese que o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Concello remata o 15 de novembro de 2025.

**Terceiro.-** O 24 de xullo de 2025 o Concello de Vilagarcía de Arousa solicita unha modificación do convenio referido para que a actividade a financiar sexa o concerto de David Bustamante o día 20/08/2025 en vez de o grupo de Mägo de Oz o día 19/08/2025.

A actividade contemplada nese convenio era o concerto do grupo Mägo de Oz, o 19 de agosto. A Alcaldía resolveu, en data 23/07/2025, non proceder á apertura da oferta final presentada por Mohatxu Producciones, S.L. no procedemento negociado sen publicidade



seguido para a contratación da actuación do grupo Musical Mägo de Oz que tería lugar o día 19 de agosto de 2025, nas festas de S. Roque, e, polo tanto, renunciar á celebración do correspondente contrato e dar por finalizado o expediente de contratación iniciado no seu día.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

